

Cando escribir é un xeito de ver, non de contar. Cando a caligrafía se fai o vértice da palabra coa imaxe. Cando as visións fan lexible o poema. Cando non interesa a realidade que ven os ollos, senón a realidade que aínda non saben comprender. Cando á palabra se lle deixa significar polo que é, non polo que significa. Cando nomear non é posuír e si preparar o acceso a unha revelación que deixe ver o que aínda non se entende. Cando o ollo ignora que as palabras anticipan a visión ontolóxica e o asedio á inefabilidade do dicir se fai hereclitiano (“non sempre o mesmo río,/ como nunca sempre a mesma ollada”), universal e múltiple (“interésan-

Un xeito de ver

Cando as palabras veñen de lonxe

ARMANDO REQUEIXO

me as palabras que abren espazos,/ non as que os pechan”), intuición creadora (“a beleza non xorde da linguaxe/ senón da visión que antecede as palabras”). Cando a beleza se fai verdade, pois “é verdade polo que ten de incomprensíbel”. Cando as palabras veñen de lonxe, enraízan a memoria propia e a da tribo á que se pertence. Cando se confesa con sabia e socrática humildade: “eu non son pintor./ son un simple poeta/ que ás



veces pinta/ o que ve nas palabras./ un calígrafo, como

moito,/ que di co trazo/ o que lle nega a ollada.” Cando todo ese fulgor anterior á noite dos abismos se aprehe como matriz cósmica e estoura cal imparable ónfalos, mandorla xerminal da verba e o ser, cando así transubstancia o poema, entón atopámonos ante *A ferida de comprender* e un Baldo Ramos oracular guía os pasos polo averno das árbores da cegueira, inzado de palabras para o baleiro e pali mpsestos imposibles, territorio da devastación, escuro e transparente. RAMOS, Baldo, *A ferida de comprender*, Ed. Libros da Frouma, Santiago, 2010, PVP. 12 €